

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 03/10/2019 13:23:00

SAIDA 10607/19

Miguel Ángel Delgado González
prensa@xornalgalicia.com

Expediente RSCTG 135/2019

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2019

Estimado Sr.:

Acuso a recepción do seu escrito que tivo entrada nesta institución o día 26 de setembro de 2019, de reclamación ante a Comisión de Transparencia de Galicia contra a Resolución do 18 de setembro de 2019, da Secretaría Xeral de Medios da Xunta de Galicia, que deu lugar ao expediente **RSCTG 135/2019**, ao que lle prego faga sempre referencia nos posteriores escritos que dirixa sobre este asunto, sendo o Secretario da Comisión da Transparencia, Santiago González Serrano, a quen se poderá dirixir para coñecer a situación e a valoración do seu expediente.

A fin de axilizar os trámites, e segundo o establecido no art. 22 da Lei 19/2013¹, poño á súa disposición un correo electrónico no que poderá remitir tanto a documentación, que se lle requira como a que considere necesaria para a tramitación do expediente (reclamacions@comisiondatransparencia.gal)

No caso de que o solicitara, remitiráselle unha copia do seu escrito na que figurará o rexistro de entrada na institución.

Con esta mesma data solicitarase á correspondente Administración a remisión de copia do expediente administrativo e emisión de informe sobre a reclamación presentada.

Indícolle que de conformidade coa disposición adicional primeira da Lei 19/2013, no caso de que exista unha normativa reguladora específica de acceso á información, será esta a que deba aplicarse a aqueles que teñan a condición de interesados nun procedemento administrativo en curso para a obtención dos documentos que se integren no mesmo, polo que no caso de que a administración indique a existencia dun procedemento administrativo específico procederase á inadmisión da reclamación presentada.

En relación á instrución do seu expediente indícolle que corresponde á Presidencia da comisión designar a persoa que elabora a proposta de resolución e elevar as propostas de resolución á Comisión. Igualmente, indícolle que a preparación do despacho dos

¹ Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

asuntos e a dirección dos traballos administrativos da Comisión son funcións da Secretaría da Comisión².

Por último, indícolle que a resolución destes expedientes faise por estrita orde de entrada, e poderá vostede seguir as resolucións desta comisión no seguinte enderezo: <http://www.comisiondatransparencia.gal/es/resoluciones-comision-da-transparencia/>

Un atento saúdo,



M^a Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia

² Regulamento interno da Comisión da Transparencia de Galicia publicado nos DOG nº 134, do 15 de xullo de 2016 e DOG nº 234, do 9 de decembro de 2016.

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento: Comisión de Transparencia de Galicia. **Encargado do tratamento:** Secretario da Comisión da Transparencia. **Finalidades do tratamento:** Rexistro e xestión de procedementos de reclamación ante a Comisión de Transparencia de Galicia. **Base xurídica:** Cumprimento dunha obriga legal. **Período de conservación dos datos:** Indefinido. **Cesións de datos:** Aos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación da Lei 1/2016, cando sexa necesario para a tramitación e resolución da reclamación. **Exercicio de dereitos:** As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos a través do Rexistro do Valedor do Pobo (Rúa Hórreo 65, 15701, Santiago de Compostela) ou do correo electrónico transparencia@valedordopobo.gal. **Delegado de protección de datos:** santiago@valedordopobo.gal